

A Resolución reitoral de 22 de xullo de 2004 establecía a devindicación de prezos públicos en concepto de validación nos supostos de recoñecemento de estudos realizados nesta Universidade a través dos programas de intercambio universitario e mobilidade estudiantil. Coa creación da figura de alumno visitante e a progresiva implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, é preciso actualizar a devandita norma. Ademais, debe entenderse que o alumno afectado pola citada resolución xa pagou o importe dos estudos realizados, ben a cargo do convenio concreto, aboándoas en orixe, ou ben nos prezos que debe aboar como alumno visitante.

É por isto que,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

PRIMEIRO.- Os estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudiantil, así como os realizados a través da figura de alumno visitante, recoñeceranse plenamente no caso de que o alumno acceda posteriormente aos devanditos estudos tras superar os procesos de ingreso establecidos pola lexislación vixente.

SEGUNDO.- O recoñecemento de estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudiantil, así como os realizados a través da figura de alumno visitante, consistirá unicamente e a petición do interesado, na inscrición dos estudos cursados nestas modalidades no expediente do alumno unha vez admitido na titulación. Este trámite non devindicará prezos.

TERCEIRO.- No caso de que o alumno, ademais, solicite recoñecemento de estudos realizados na Universidade de orixe, esta solicitude tramitarase polo procedemento xeral de recoñecementos devindicando os prezos que estean establecidos para este.

CUARTO.- A partir da data de aplicación desta resolución quedarán sen efecto as disposicións que se opoñan a ela e, en concreto, as incluídas na Resolución reitoral de 22 de xullo de 2004.

QUINTO.- A presente resolución entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo de 2014

O reitor,

Juan J. Casares Long

